



NOTA DE PRENSA. 28.04.2011

DENDE A APDR EXPOMOS QUE COA LEXISLACIÓN ACTUAL A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIÓN, NON PODEN DAR TRANQUILIDADE NEN SEGURIDADE Á VECIÑANZA DE CAMPO LAMEIRO

Ante a alerta pola presenza de cancro en máis da metade da poboación ¹ de A Lagoa de Bailadoiro en [Campo Lameiro](#) (Pontevedra) **na proximidade de antenas de telefonía móbil**, recentemente o voceiro de [REDTEL](#) quixo tranquilizar á veciñanza expoñendo que a radiación das antenas están dentro da legalidade dos límites establecidos na normativa estatal, límites non cuestionados pola OMS.

Dende a APDR pensamos que a veciñanza de Campo Lameiro ten motivos dabondo para a inquedanza:

- **Porque a [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) (2007) e a Eurocámara (2008, 2009), denunciaron estes límites de exposición** (recollidos na lexislación estatal) por “**obsoletos**” e insuficientes para protexer aos grupos máis sensíbeis, **solicitando á OMS e ao Consello de Europa actualizarllos** partindo da necesidade de minimizar os riscos potenciais dunha electrocontaminación que incrementouse vertixinosamente sen telos en conta.
- **Porque 11 países da nosa contorna europea xa rebaixaron drasticamente ditos límites de exposición** aplicando o Principio de Precaución preconizado polo Parlamento Europeo.
- Porque na literatura científica expóñense estudos epidemiolóxicos cun incremento significativo de cancro nas contornas de antenas de telefonía móbil ([Netanya en Israel no 2004](#), [Naila en Alemaña no 2004](#), [Hausmannstätten e Vasoldsberg en Austria no 2008](#), [Belo Horizonte en Brasil no 2010](#), ...) e do chamado síndrome microondas (en [Francia no 2002](#), [La Ñora en Murcia no 2004](#), ...)
- Porque **na provincia de Pontevedra** (ao igual que no resto de provincias galegas) **nos derradeiros anos xa foron denunciadas outras sospeitas de “clúster” de tumores e outras enfermidades e foron solicitados (sen éxito algún) estudos epidemiolóxicos en zonas que coincidían con concentración de antenas de telefonía móbil e/ou liñas de alta tensión:** Padróns en Pontearreas, Valadares en Vigo, centro de Portonovo en Sanxenxo, casco urbano de Salceda de Caselas, Santa Lucía en Moraña, Saxosa de Bértola en Vilaboa,

Dende a APDR pensamos que **só se pode dar tranquilidade e seguridade á poboación na adopción do principio de cautela na aplicación de [propostas municipais](#), coma as que recolleamos incluíndo as experiencias vixentes en outros países, comunidades autónomas e concellos: reducindo os límites de exposición (onde a poboación habita, traballa e convive) con control e medición municipal das inmisións dos campos electromagnéticos en tempo real, ...**

¹ Dos que morreron case o 40% incluídos menores de 20 anos.